



BOP

LUNS, 24 DE AGOSTO DE 2020

N.º 193

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local deste concello, aprobou os seguintes Padróns do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básica e Lei de Dependencia:

Sesión do día 05/03/2020:

- Padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2020.

Sesión do 10/07/2020:

- Padrón correspondente ao mes de febreiro de 2020.
- Padrón correspondente ao mes de marzo de 2020.
- Padrón correspondente ao mes de abril de 2020.

Ditos padróns expoñense ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que ditas publicacións servirán de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Abadín, 13 de agosto de 2020.- O Alcalde, José M^a López Rancaño.

R. 1873

CARBALLEDO

Anuncio

En sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de xullo de 2020 foi aprobado inicialmente o "Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Carballedo", visado con data 09/07/2020 polo COITA de Lugo.

O citado Plan exponse ao público polo prazo de vinte días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, durante os cales as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións, de tal xeito que se considerará definitivamente aprobado se durante o citado período non fora presentada reclamación algunha ao mesmo.

O Plan está publicado na páxina web do Concello de Carballedo <http://www.concellocarballedo.es> quedando, así mesmo, a disposición do público en xeral nas dependencias da Casa Consistorial do Concello de Carballedo, sita na Praza V. Portomeñe, 1 - A Barrela - CP 27520 - Carballedo (Lugo).

O Plan será o documento de referencia aos efectos de que os responsables cumpran coas súas obrigas de xestión da biomasa conforme ao art. 21 e no prazo previsto no art. 22 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

Carballodo, 12 de agosto de 2020.- O ALCALDE, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1874